



INFORME DA SITUACIÓN DAS PERSOAS PERTENCENTES AO COLECTIVO LGBTI NO ÁMBITO DO DEPORTE E ELABORACIÓN DUN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA EVITAR SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN NO DEPORTE

Este informe elaborouse grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e da Secretaría Xeral de Deportes, no marco do grupo de traballo de Educación e Deportes do Observatorio Galego contra a LGBTIfobia. A S.X. de Deportes informa de que para a elaboración do seu informe enviaron unha versión simplificada do guión de recollida de información ás 59 Federacións Deportivas Galegas (FDG) para a recollida de información que permitira facer unha diagnose inicial da situación do colectivo LGBTI.

Un primeiro borrador do informe foi presentado nunha xuntanza do Grupo de Traballo do 5 de maio de 2023, durante a cal foron recibidas novas achegas que permitiron completar e matizar o texto, e ampliar o listado de medidas propostas.

Preséntase a continuación unha síntese da información trasladada así como as fontes consultadas para dotar de rigorosidade ao informe.

1. Detectastes casos de LGBTIfobia dentro do ámbito deportivo? Trasládade toda a información coa que contedes.

Entre as federacións deportivas consultadas, un 66% trasladan que non rexistraron casos de LGBTIfobia, un 30% afirman non saber contestar á consulta, e un 4% dixeron ter coñecemento dalgún caso de LGBTIfobia.

As dúas entidades colaboradoras na elaboración deste informe, a Universidade de Santiago de Compostela (seguidamente USC) e a Secretaría Xeral de Deportes, coinciden ao sinalar que non existe ningún rexistro de incidentes LGBTIfóbicos no ámbito deportivo galego, polo que a información dispoñible é moi limitada. Así mesmo, o descoñecemento por parte da poboación de que constitúe un incidente de odio e como denuncialo, pode contribuír a unha infrarrepresentación da realidade nos datos trasladados polas federacións.

2. De que maneiras se manifesta a LGBTIfobia dentro do ámbito deportivo? Que trabas e dificultades atopan as persoas LGBTI no ámbito do deporte, mesmo sen ser especificamente casos de LGBTIfobia?

Entre as federacións deportivas galegas que contestaron ao cuestionario que lles facilitou a Secretaría Xeral de Deportes, o 41,67% determina que non se manifesta a LGBTIfobia no ámbito federado galego, 37,50% non sabe ou non contesta e o 20,83% afirma que si está presente este tipo de violencia.

As federacións trasladan que teñen coñecemento de que se dirixen insultos con cariz LGBTifóbico tanto contra deportistas como contra árbitros pertencentes ao colectivo durante a súa participación en actividades deportivas. Ademais, sinalan que existen importantes trabas para a participación de persoas trans no deporte competitivo ao non existir unha normativa clara aplicable que garanta os seus dereitos. De feito, as federacións sinalan que neste momento non teñen coñecemento de ningunha persoa trans en activo no deporte de competición galego, mais dada a ausencia de rexistros é posible que persoas trans estean a competir sen o coñecemento das federacións deportivas. Un dato de especial relevancia trasladado polas federacións é que consideran que existe maior LGBTIfobia entre o persoal adestrador ou técnico que entre as persoas usuarias.

En todo caso, desde a Secretaría Xeral de Deportes sinalan a importancia de que sexan as propias deportistas LGBTI quen respondan a estas cuestións, feito que non foi posible ao non formar parte do Observatorio ningunha entidade que traballe de maneira específica a LGBTIfobia no deporte.

As instancias de LGBTIfobia recollidas polos medios de comunicación limítanse ao fútbol, deporte no que se atopan casos como o da centrocampista Teresa Abelleira que sufriu acoso despois de facer pública a súa relación cunha muller¹.

Desde a USC trasládase que non atoparon datos relativos a esta pregunta xa que non existen informes, estatísticas, etc. que recollan a dita información no ámbito deportivo galego, polo que consideran que sería de gran importancia contar coas ditas ferramentas para obter unha visión real desta situación neste ámbito en concreto. Fóra do contexto galego, si que existen estudos académicos que analizan a realidade das persoas LGBTI no contexto deportivo, estudos que sinalan este ámbito como un "dominio cisheteronormativo"². Estes estudos indican que en espazos de práctica deportiva, tanto de base como competitiva, tenden a verse reforzados os estereotipos de xénero e a división en roles marcados.

Se ben é unha realidade que o deporte feminino ten un compoñente intrínseco de transgresión das normas de xénero, e é un espazo reclamado por mulleres lésbicas e bisexuais, segue a ser un ámbito no que a disidencia sexual no resto de aspectos da vida é altamente controlada, e no que a diverxencia pode ser castigada con acoso ou dinámicas de exclusión³.

Así, existen barreiras claras para o acceso do colectivo LGBTI ao mundo do deporte. Por unha parte expónse a existencia de barreiras psicolóxicas, que levan ás persoas LGBTI a ver estes espazos como hostís xa desde a infancia, vivindo experiencias negativas na materia de "Educación Física" durante a súa escolarización, ata a idade adulta, observando a vinculación de deportes como o fútbol cunha *performance* de masculinidade esaxerada e

¹ <https://www.nosdiario.gal/articulo/deportes/deixando-homofobia-fora-xogo/20200218194711091647.html>

² <https://www.redalyc.org/pdf/2351/235146515011.pdf>

³ <https://www.researchgate.net/publication/362373752>



violenta contra o colectivo⁴. Por outra, existen barreiras estruturais que dificultan a participación de persoas trans e intersexuais ao non existir unha regulación clara e inclusiva que garanta os seus dereitos, véndose estas deportistas constantemente cuestionadas se non directamente expulsadas do deporte competitivo como no caso da deportista de elite de orixe vigués María José Patiño⁵.

3. De que maneiras podería beneficiar ao colectivo LGBT+ contar con espazos deportivos feministas e que celebren a diversidade sexoxenérica?

Desde a USC arguméntase que contar con espazos deportivos feministas e que celebren a diversidade sexoxenérica fomentaría a creación dun ambiente de seguridade e comodidade para este colectivo. A mirada feminista neste ámbito sería así unha ferramenta de grande importancia na creación de áreas de inclusión, onde a igualdade e a equidade fosen os obxectivos primordiais e a seguir, para deste xeito crear unha comunidade onde non teña cabida á discriminación e a estigmatización social.

Desde algunha das federacións van máis alá e sinalan que o establecemento destes espazos tería non só un impacto positivo sobre as persoas LGBTI ao ofrecerlles seguridade e favorecer a súa participación no mundo do deporte (cos impactos positivos sobre a súa saúde física e mental que o deporte proporciona), senón que sinalan tamén o impacto positivo sobre o conxunto da comunidade deportiva. Entre estes efectos positivos sinalan a que favorecería a formación teórica de todas as participantes e a normalización da diversidade en toda a comunidade, así como que "todo o que sexa abrir o abano de posibilidades é positivo". Deste xeito, valórase a presenza da diversidade sexoxenérica visible e dos espazos feministas como factores que axudan a todas as persoas, incluídas as cisheterosexuais, a desenvolverse con maior liberdade e sen prexuízos ou roles marcados polo xénero. Esta opinión está apoiada tanto polas hipóteses propostas como polos resultados obtidos por experiencias piloto como as realizadas en Cataluña e recollidas na literatura académica⁶.

Porén, esta opinión parece ser minoritaria, só cun 25% de respostas. Cabe tamén destacar que un 54,17 % das federacións deportivas consultadas sinala "non saber" responder a esta pregunta, mentres que un 20,83 % indica que estes espazos non son necesarios argumentando que "xa hai espazos deportivos para todos os xéneros" e que "a orientación sexual do deportista é algo de índole persoal".

4. Con que recursos contan as institucións deportivas, clubs, agrupacións e distintas entidades para combater a LGBTIfobia? Que recursos adicionais precisarían?

⁴ <https://salutsexual.sidastudi.org/resources/inmagic-img/DD42066.pdf>

⁵ https://www.elconfidencial.com/deportes/atletismo/2021-02-25/maria-jose-patino-atletismo-intersexual-genero-deporte_2965083/

⁶

https://www.researchgate.net/publication/364419992_Rompiendo_el_tabu_desde_la_pista_de_futbol#fullTextFileContent

No caso da USC sinalan que as persoas que participan do deporte no ámbito universitario contan co *Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero*, como recurso para facerlle fronte á LGBTIfobia, aínda que indican que o dito protocolo non é exclusivo desta área, se non que se utiliza para calquera ámbito dentro da comunidade universitaria, e polo tanto non recolle de maneira específica ou explícita as diversas formas nas que a LGBTIfobia pode presentarse no contexto deportivo.

Por parte das federación deportivas sinalan que non contan con ningún recurso específico máis alá da lexislación vixente. Demandan formación específica, en especial dirixida ao persoal técnico deportivo e persoal xestor deportivo co fin de que sexan quen de detectar e actuar fronte os distintos tipos de LGBTIfobia. Demandan tamén estudos para coñecer a situación do colectivo no ámbito deportivo, e un servizo de atención psicolóxica e acompañamento para cando teña lugar algún caso de violencia LGBTIfóbica. Reclaman tamén apoio por parte das institucións, tanto económico como técnico, para a realización de campañas de sensibilización e implementación de medidas de promoción da diversidade, especialmente dirixidas á infancia e xuventude. Solicitan materiais didácticos en materia de diversidade sexoxenérica para distribuír entre clubs e persoas federadas. Outro tipo de materiais: banners, camisetas, carteis, folletos, campañas nas redes sociais, deseño e incorporación de logos de sensibilización.

5. En base á información que manexades, as persoas que coordinan actividades e centros deportivos e persoas que exercen como instrutoras ou adestradoras, contan coa formación suficiente e adecuada para atender ao colectivo LGBTI de forma adecuada e para detectar e combater situacións de LGBTIfobia?

O 45,83 % das federacións que responden as preguntas realizadas pola S.X. de Deportes determinan que non contan con formación, 41,67 % non sabe ou non contesta, e o 12,5 % indican si contar con formación para atender ao colectivo LGBTI. Porén, entre este 12,5 % aclaran que a formación coa que contan as persoas instrutoras ou adestradoras está dirixida de maneira xeral á xestión de grupos, mais din non contar con formación específica dirixida á inclusión do colectivo.

As federacións deportivas sinalan que valorarían moi positivamente a introdución de contidos formativos relativos ao colectivo LGBTI na formación do persoal, así como a participación do persoal en activo en cursos de formación permanente específicos sobre a atención á diversidade sexoxenérica.

6. Que iniciativas foron desenvolvidas nos últimos anos para combater a LGBTIfobia no ámbito do deporte, tal e como indica o artigo 29 da Lei 2/2014? Que iniciativas considerades que é necesario desenvolver no futuro?

Por parte da Universidade de Santiago de Compostela non se ten rexistro da realización de ningunha iniciativa dirixida a combater a LGBTIfobia no ámbito deportivo desde o ano 2014.



No caso das federacións deportivas, o 37,5 % sinalan non saber se se realizou algunha iniciativa neste sentido e o 27,08 % indican que non se desenvolveu ningunha. Entre o 35,42 % de federacións deportivas que indicaron que si que foron realizadas iniciativas neste eido, aclaran que en moitos casos estas iniciativas foron impulsadas por parte dos clubs de maneira autónoma. Entre os comentarios adicionais que trasladan as distintas federacións, pode observarse que parte das que contestaron que si existían estas iniciativas, están a referirse a iniciativas contra a violencia de xénero ou pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, polo que é posible que a porcentaxe real de federacións nas que tiveron lugar iniciativas para combater a LGBTIfobia sexa inferior ao dato indicado.

7. Rexistrastes algunha reclamación por discriminación LGBTIfóbica no ámbito deportivo nos últimos anos? En caso afirmativo, cales? Que solución se lles pode dar?

Mentres que desde a USC se traslada que non recibiron ningunha reclamación especificamente vinculada ao ámbito deportivo, as federacións trasladan que recibiron unha. Porén, cabe recalcar de novo que non existe un sistema establecido para denunciar casos de LGBTIfobia nas federacións deportivas galegas, nin ningún tipo de rexistro, polo que o caso trasladado é o caso do que tiña coñecemento unha das persoas que respondeu ao cuestionario da S.X. de Deportes. No caso de ter existido outras reclamacións, non hai xeito de facer unha recollida de información específica. Na Universidade de Santiago de Compostela, o alumnado parece descoñecer que o protocolo da USC é aplicable tamén ao colectivo LGBTI, sendo máis coñecido como un protocolo contra as agresións machistas ou abusos sexuais.

Propostas de medidas dirixidas á inclusión da comunidade LGBTI no ámbito deportivo:

- Establecer un protocolo a seguir para a incorporación de deportistas intersexuais, así como de deportistas trans, contemplando as fases previas, simultáneas e posteriores a distintos procesos de transición.
- Establecer unha canle de denuncias, onde proceda, de fácil acceso e que publique informes con datos estatísticos de maneira periódica.
- Accesibilidade dos vestiarios e baños para que as persoas trans e intersexuais se sintan cómodas en base as necesidades destes colectivos.
- Actividades e cursos formativos sobre orientación sexual e identidades de xénero para o persoal técnico e profesionais que traballen na área de deportes.
- Formación incluída de maneira transversal e específica no currículo do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (previamente INEF) dirixida á atención á diversidade de

xénero e orientación sexual, en especial dirixida cara o apoio e acompañamento de persoas trans e intersexuais no ámbito deportivo.

-Campañas periódicas, externas e internas, que promovan o respecto cara todas as persoas pertencentes ao colectivo LGBTI

-Medidas dirixidas a favorecer a inclusión de persoas LGBTI que sofren outros eixos de discriminación (con discapacidade, maiores, migrantes, seropositivas) en ambientes deportivos.

-Estatísticas e informes dos casos de discriminación no ámbito deportivo (facer os datos públicos) e a partir deles observar e desenvolver actuacións que erradiquen as ditas discriminacións.

-Establecemento dun gabinete psicolóxico e tamén xurídico, onde as persoas afectadas poidan achegarse. Establecemento dun número de teléfono, onde facer consultas e ter asesoramento por persoas competentes.

-Establecer unha liña de diálogo con outros axentes sociais vinculados ao deporte e non consultados para a elaboración do presente informe, como as áreas de deportes dos concellos, cluster de instalacións deportivas ou facultade de CAFD para ampliar a información dispoñible e profundar no diagnóstico.